

ESTATUTOS

DA

"AGL"

(ASOCIACIÓN GALEGA DE LINFEDEMA, LIPEDEMA,
INSUFICIENCIA VENOSA CRÓNICA E OUTRAS
PATOLOXÍAS VASCULARES PERIFÉRICAS)

ANO 2022



ÍNDICE

CAPÍTULO I - DA ASOCIACIÓN

Artigo 1. Denominación	4
Artigo 2. Personalidade	4
Artigo 3. Domicilio	4
Artigo 4. Duración e ámbito	4-5
Artigo 5. Misión e Visión.....	5
Artigo 6. Principios e valores	5-6
Artigo 7. Fins	6-8
Artigo 8. Medios	8-9

CAPÍTULO II – DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 9. Persoas Asociadas	9-10
Artigo 10. Tipos de persoas asociadas.....	10
Artigo 11. Persoas Asociadas de Honra e colaboradoras/es	10-11
Artigo 12. Ingresos e baixas	11
Artigo 13. Procedemento de admisión	11
Artigo 14. Documentos de admisión	12
Artigo 15. Números de persoas asociadas	12
Artigo 16. Deberes	12-13
Artigo 17. Dereitos	13-14
Artigo 18. Réxime disciplinario	14
Artigo 19. Perda da condición de persoa asociada	14-15

CAPÍTULO III – DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 20. Órganos de Goberno	15
Artigo 21. Asemblea Xeral	15
Artigo 22. Delegación	16
Artigo 23. Participación na Asemblea	16
Artigo 24. Funcións da Asemblea Xeral	16-17
Artigo 25. Clases de asemblea e a súa convocatoria	18-19
Artigo 26. Acordos da Asemblea xeral	19
Artigo 27. Xunta Directiva	20
Artigo 28. Duración da Xunta Directiva.....	21
Artigo 29. Elección da Xunta Directiva	21-22
Artigo 30. Funcións da Xunta Directiva	22-23
Artigo 31. Funcionamento da Xunta Directiva	23
Artigo 32. Comisión Permanente	24
Artigo 33. Comisión de Ética	24
Artigo 34. Dos órganos unipersoais	24
Artigo 35. Presidenta/e	25



Artigo 36. Vicepresidenta/e	26
Artigo 37. Secretaria/o.....	26-27
Artigo 38. Tesoureira/o	27
Artigo 39. Vogais	28
CAPÍTULO IV – DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS	
Artigo 40. Impugnacións	28
Artigo 41. Recursos	28-29
CAPÍTULO V – DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO	
Artigo 42. Recursos económicos	29
Artigo 43. Cotas	29-30
Artigo 44. Pago de cotas	30
Artigo 45. Orzamento	30
CAPÍTULO VI – DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS	
Artigo 46. Procedemento de modificación	31
CAPÍTULO VII – DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN	
Artigo 47. Disolución	31
Artigo 48. Comisión liquidadora	31
Artigo 49. Asemblea Xeral no período de liquidación.....	32
Artigo 50. Destino dos bens resultantes	32



CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN

Artigo 1 Denominación

Ao amparo do establecido no artigo 22 da Constitución Española, na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e nas demais disposicións legais aplicables, constitúese a entidade denominada “*Asociación Galega de Linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas*”, en diante “AGL”, a cal se rexerá polas prescricións contidas na devandita normativa e de forma especial polo previsto nos presentes Estatutos. “AGL” é o resultado da libre vontade de asociación das súas persoas socias, ostentando a súa representación no ámbito xeográfico correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2 Personalidade

“AGL” tén personalidade xurídica propia e independente das súas persoas asociadas, e conforme ao Artigo 35 e seguintes do Código Civil, goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.

Artigo 3 Domicilio

O enderezo social de “AGL”, a efectos legais, queda establecido en Avda. López Ballesteros, nº 13 / oficina 4, C.P.: 36600, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir así mesmo a apertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuacións, e de cantos lugares considere axeitados para o normal desenvolvemento de “AGL”. O traslado do domicilio social requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

Artigo 4 Duración e ámbito

“AGL” constitúese por tempo indefinido, non podendo disolverse mais que por imperativo legal ou nos casos e formas establecidos nos presentes Estatutos.



O ámbito territorial propio de “AGL” é o da Comunidade Autónoma de Galicia; nembargantes, previo acordo coas entidades de ámbito superior das que é membro, poderá actuar por sí mesma ou no seo doutras organizacións, no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional, en atención ás necesidades do colectivo de persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas.

Artigo 5 Misión e Visión

A “AGL” tén como misión contribuír ao coñecemento, estudo e investigación sobre o linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas, así como promocionar e levar a cabo toda clase de accións destinadas a mellorar a situación das persoas con estas doenzas e outras patoloxías análogas, así como as súas familias.

A “AGL” tén como visión constituírse nunha entidade consolidada e amplamente recoñecida pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas ó grupo social das persoas afectadas de linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e outras patoloxías análogas, así como as súas familias.

Artigo 6 Principios e valores

“AGL” defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non governamental, de carácter voluntario.

“AGL” basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- Democracia interna.
- Solidaridade entre os seus membros.
- Impulso da participación dos seus membros en tódalas súas actuacións.
- Transparencia e publicidade na xestión e na actuación fronte ás súas persoas socias.
- Defensa das necesidades xerais por riba de intereses particulares.



- A defensa do grupo social como titular de dereitos, evitando as mensaxes sentimentalistas, paternalistas ou asistenciais.

Os valores que a “AGL” propugna son a consideración das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas así como as demais patoloxías análogas como suxeitos titulares de dereitos e deberes, a calidade na súa actuación, a eficacia e a eficiencia, a mellora continua, e o compromiso polo conxunto do grupo de persoas deste colectivo.

Artigo 7

Fins

Os fins principais da “AGL” son:

1. Apoiar a tódalas persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e demais patoloxías análogas así como ás súas familias, residentes no territorio do seu ámbito de actuación.
2. Defensa do dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas .
3. Facilitar información acerca do linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas a profesionais sanitarios e sociais e ós familiares, co fin de lograr un mellor coñecemento e implicación dos mesmos.
4. Apoiar e representar ó colectivo de persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e as súas familias, para a consecución dos seus dereitos e a denuncia da vulneración dos mesmos, co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.
5. Promover e apoiar as iniciativas á creación de unidades de linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas preferentemente multidisciplinares, dentro da nosa Comunidade Autónoma.
6. Promover e/ou crear os servizos de estudo, programación, formación, asistencia técnica, xestión especializada ou outros equivalentes que as circunstancias aconsellen.
7. Promover, facilitar ou utilizar os medios lícitos de propaganda, publicidade, información ou difusión para dar a coñecer o linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas así como os problemas das persoas afectadas por estas doenzas e as súas familias.



8. Favorecer o desenvolvemento das actividades docentes encamiñadas á formación do persoal técnico especializado na diagnose e tratamento destas patoloxías.
9. Favorecer a investigación dos problemas que plantexa o linfedema, o lipedema, a insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas nos seus aspectos epidemiolóxicos, fisiopatolóxicos, clínicos, diagnósticos, preventivos, terapéuticos e sociais.
10. Promover a educación sanitaria da cidadanía, para dar a coñecer a existencia do linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e as súas posibles solucións terapéuticas.
11. Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas.
12. Crear as condicións para que as persoas asociadas poidan cumprir axeitadamente a misión.
13. Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas en particular, e todo o colectivo de persoas con discapacidade en xeral.
14. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
15. Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo de persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e as súas familias, con criterios de solidariedade.
16. Reunir e arquivar información xeral e especializada sobre os problemas do linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas.
17. Representar ós seus membros no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional.
18. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
19. Fomentar a Promoción e o desenvolvemento persoal e social da muller con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
20. Desenvolver programas e actividades, dentro do propio linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas dirixidos especificamente á atención da infancia e da mocidade.
21. Desenvolver programas e actividades, dentro do propio linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas dirixidos especificamente a calquer colectivo en risco de exclusión social.
22. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.



23. Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
24. Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas.
25. Calquera outra que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ó cumprimento da misión da “AGL” ou redundar no beneficio das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas.

Artigo 8

Medios

Para o cumprimento da misión e dos fins “AGL” poderá:

1. Promover a fundación de institucións hospitalarias e sanitarias especializadas na diagnose e tratamento da enfermidade, e procurar o patrocinio da asistencia e da intervención sociosanitaria dos/as pacientes economicamente mais desfavorecidos/as a través da financiación total ou parcial.
2. Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos, congresos e seminarios sobre diversos aspectos do linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas.
3. Organización dunha biblioteca, así como a creación, en canto sexa posible, dunha revista especializada.
4. Plantexar e realizar programas de educación sanitaria para a cidadanía que difunda o coñecemento do linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e o interese da súa diagnose precoz.
5. Colaborar con todas aquelas entidades oficiais e particulares cuxas actividades poidan ser de utilidade na consecución das finalidades da Asociación.
6. Prestar, por sí ou a través doutras entidades colaboradoras, servizos rehabilitadores e sociosanitarios que melloren a calidade de vida das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e/ou os seus familiares.



7. Promover, facilitar ou utilizar tódolos medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e o seu entorno.
8. Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos fins da entidade.
9. Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permitan o sostemento económico da asociación.
10. Integrar, crear e promocionar centros sanitarios, educativos, ocupacionais, profesionais, residenciais, ou de calquera outra índole e tipoloxía que sexa autorizada por Lei; nos que prime a inserción sociolaboral das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas, conforme á lexislación vixente.
11. Promocionar centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas en particular e con discapacidade en xeral, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos, cos demais traballadores/as, conforme á lexislación vixente en tódolos casos, priorizando:
 - a. Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nas/nos propias/os traballadoras/es con discapacidade e/ou na labor social de dita asociación.
 - b. Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integramente nas/nos propias/os traballadoras/es do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ó Movemento Asociativo.
12. Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

CAPÍTULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 9 Persoas Asociadas



A “AGL” constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte tódalas persoas con capacidade de obrar que o soliciten, sempre que compartan os principios e fins da Asociación, e teñan interese no desenvolvemento dos mesmos, e na plena integración das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e/ou patoloxías análogas.

Artigo 10

Tipos de Persoas Asociadas

“AGL” terá as seguintes clases de persoas socias de número:

1) **Persoas socias directas** podendo ser:

- a) As persoas con con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas, **maiores de idade ou menores emancipados**, que non estean suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio dos seus dereitos.
- b) Os **pais/nais, ou persoas que teñan atribuídas funcións de apoio e/ou representativas** das persoas con (afectación) que teñan limitada a súa capacidade para adquirir e ostentar a condición de persoas socias por sí mesmas.

2) **Persoas socias adheridas**, que serán aquelas que, coa súa traxectoria, acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas.

Para a adquisición da condición de **persoa socia adherida** será preciso contar co aval de catro **persoas socias directas** da “AGL”. Esta tipoloxía de persoas asociadas non poderá acadar un número superior a un 20 por cento da totalidade das persoas asociadas de dereito.

Artigo 11

Persoas socias de Honra e Colaboradoras/es

Poderán ser nomeadas persoas socias de Honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distinguan pola súa actuación a favor dos fins da “AGL” e polo seu prestixio ou por ter contribuído de xeito relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, sexan acreedores de tal distinción.

O nomeamento das persoas asociadas de Honra corresponderá á Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.



As persoas asociadas de Honra non estarán suxeitas ás obrigas establecidas nos presentes Estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria, con voz pero sen voto.

As persoas socias colaboradoras serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con “AGL” mediante a súa participación ou mediante achegas económicas a través do pagamento da cora establecida ao efecto no Artigo 43 c) dos presentes Estatutos. As persoas socias colaboradoras non son titulares de obrigas nin dereitos. Poderán participar na Asemblea Xeral con voz pero sen voto.

Artigo 12

Ingresos e baixas

O ingreso na “AGL” como persoa asociada da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, si deixara de satisfacer a cota anual.
- c) Por incumprimento do recollido nos presentes Estatutos, en especial do recollido no Artigo 16, de deberes das persoas asociadas.

Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá resolverse sen a audiencia da parte interesada.

Artigo 13

Procedemento de admisión

O procedemento de admisión das persoas asociadas realizarase mediante:

- a) Solicitude escrita ou comunicación da persoa interesada dirixida á Asociación.
- b) Presentación da documentación esixida.
- c) Aval acreditativo, (no caso das **persoas socias adheridas** do apartado 2 do Artigo 10).



Artigo 14

Documentos de admisión

Documentación a presentar pola persoa (en cada caso concreto):

- a) Copia do DNI.
- b) Documento acreditativo do linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas, por un facultativo (nos casos en que proceda).
- c) No caso das **persoas socias directas** incluídas na **letra b) do apartado 1 do Artigo 10**, copia do documento que acredite a representación legal do menor de idade non emancipado ou da persoa maior de idade que teña limitada a súa capacidade para adquirir e ostentar a condición de persoa socia por sí mesma.
- d) No caso das **persoas socias adheridas** do **apartado 2 do Artigo 10**, aval acreditativo de 4 persoas socias directas ordinarias da entidade.

A Xunta Directiva poderá solicitar a ampliación da documentación que considere necesaria.

Artigo 15

Número de persoas asociadas

Non se establece un numero máximo de persoas asociadas de “AGL”.

Artigo 16

Deberes das persoas asociadas

Serán deberes das persoas asociadas os seguintes:

1. Cumprir os presentes Estatutos e acatar os acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e de representación da “AGL”.
2. Actuar de xeito acorde cos principios e valores da “AGL” e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas e/ou as súas familias.
3. Aboar as cotas que se fixen.
4. Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
5. Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.



6. Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.
7. Contribuír ó sostemento da “AGL”, aportando os medios necesarios dacordo co establecido pola Asemblea Xeral.
8. Manter absoluto segredo e confidencialidade sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida en “AGL”.
9. Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

Artigo 17

Dereitos das persoas asociadas

Serán dereitos das persoas asociadas os seguintes:

1. Tomar parte en tódalas actividades que organice a Asociación no cumprimento dos seus fins.
2. Desfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
3. Participar nas Asembleas con voz e voto.
4. Seren electores e elixibles para os cargos directivos.
5. Seren informados acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
6. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.
7. Facer suxerencias ás persoas integrantes da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.
8. Utilizar os servizos de toda índole que se creen na Asociación.
9. Acceder a toda a documentación da Asociación nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
10. Seren apoiadas/os pola Asociación nas iniciativas que se consideren oportunas.
11. Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou ós Estatutos.
12. Ter copia destes Estatutos.



13. Seren escoitadas/os con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas/es; a ser informadas/os dos feitos que dean lugar a tales medidas. A posible sanción, en todo caso, deberá ser motivada.

Artigo 18

Réxime disciplinario

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral de “AGL” establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan impoñerse ás persoas asociadas que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

Artigo 19

Perda da condición de persoa asociada

Poderá perderse a condición de persoa asociada de “AGL” por:

- a) Renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas.
- c) Por causa ou disposición legal.
- d) Por expulsión, a causa de:
 - Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
 - Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
 - Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses de “AGL”.
 - Non pór á disposición de “AGL” a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno.
 - Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade en xeral, e en particular das persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.



A expulsión como persoa asociada de “AGL” só poderá producirse previa audiencia da persoa interesada e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral, levando aparellada a perda de tódolos dereitos derivados da condición de persoa asociada.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 20

Órganos de Goberno e representación

“AGL” rexerase polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos:

- a) Órganos colexiados:
 - Xunta Directiva
 - Asemblea Xeral

- b) Órganos unipersoais
 - Presidente ou Presidenta
 - Vicepresidentes ou Vicepresidentas
 - Secretario ou Secretaria
 - Tesoureiro ou Tesoureira

Artigo 21

Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno de “AGL”, e estará integrada por:

- As persoas asociadas de número de “AGL”, con voz e voto.
- Os membros de honra e colaboradores, os cales poderán asistir con voz pero sen voto.
- A/o Presidenta/e e a/o Secretaria/o da Xunta Directiva serano da Asemblea Xeral.



Artigo 22

Delegación

A persoa socia de número poderá delegar a súa representación noutra persoa socia de número, mediante carta dirixida á/o Presidenta/e da Asociación, na que haberá de expresarse a Asemblea concreta para a que a delegación se outorgue, a cal deberá ser presentada dúas horas antes da fixada na convocatoria para a celebración da Asemblea (Anexo I dos Estatutos).

Nunha mesma persoa asociada non poderá recaer máis de cinco (5) votos delegados.

Artigo 23

Participación na Asemblea

Todas as persoas asociadas de “AGL” definidas no Artigo 10 dos presentes Estatutos terán dereito a voz e un voto.

Non poderán ser membros da Asemblea Xeral aquelas persoas que directa ou indirectamente a través do seu cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade, ou dos seus parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas/os con Centros Especiais de Emprego con Ánimo de Lucro ou desenvolvan actividades de tipo profesional, empresarial ou industrial que puidese dar lugar a un conflito de intereses.

Así mesmo tampouco poderán ser membros da Asemblea Xeral aquelas persoas que exerzan funcións de carácter representativo, político ou institucional.

Poderán asistir ás reunións da Asemblea, a proposta da Presidencia, con voz e sen voto, e a título de invitadas/os, todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se considere poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.

Artigo 24

Funcións da Asemblea Xeral



1.- Serán funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a. Coñecer e aprobar os Plans de Actuación da “AGL”.
- b. Examinar e aprobar a Memoria anual de actividades, as contas e balances do exercicio anterior.
- c. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- d. Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva, en orde ás actividades da Asociación.
- e. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboar as diversas persoas asociadas.
- f. Resolver en última instancia cantas dúbidas ou diverxencias se plantexen entre as persoas socias e os Órganos de Goberno e calesquera outras cuestións que non sexan de competencia específica por lei ou estatutos, da Asemblea Xeral Extraordinaria.

2.- Serán funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a. Aprobar a modificación dos Estatutos da Asociación.
- b. Elixir ao presidente ou presidenta da Asociación que elixirá aos membros da Xunta Directiva.
- c. Acordar a integración nunha Federación ou Unión de Asociacións ou decidir a súa fusión con outra de similar cometido, xa sexan de ámbito rexional, nacional ou internacional.
- d. Autorizar o alleamento, gravamen ou hipoteca de ben sociais.
- e. Decidir sobre a disolución da Asociación.
- f. Designar ás persoas encargadas da liquidación da Asociación.
- g. Ratificar a incorporación ou expulsión de persoas asociadas a proposta da Xunta Directiva.
- h. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
- i. Aprobar o regulamento de réxime interno e disciplinario da Asociación.
- j. Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos de goberno da Asociación.
- k. As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.

Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.



Artigo 25

Clases de Asemblea e a súa convocatoria

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A Asemblea ordinaria celebrarase unha vez ó ano preferentemente dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio. As Asembleas extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da/do Presidenta/e, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte das persoas socias definidas no Artigo 10 dos presentes Estatutos. Neste último caso deberá convocarse no prazo máximo dun mes dende a recepción formal da solicitude.

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por calquera medio escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos puntos a tratar, e no seu caso, deberán incluírse tódolos asuntos propostos pola décima parte das persoas socias que solicitaran a celebración da Asemblea.

A convocatoria comunicarase ás persoas socias cunha antelación mínima de quince días, por correo ou mediante calquera medio que deixe constancia da convocatoria.

As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán celebrarse excepcionalmente:

- Mediante videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación das persoas asistentes e a permanente comunicación entre elas.
- Mediante un sistema mixto que combine a modalidade presencial coa telemática.

Corresponde ao presidente ou presidenta apreciar a conveniencia ou necesidade de acudir a estes modos excepcionais de celebración. Nestes casos a convocatoria deberá cumprir os mesmos requisitos formais que se establecen no Artigo anterior para as asembleas presenciais e ademais deberá garantirse que:

- Todas as persoas socias que desexen participar na Asemblea de forma telemática teñan a posibilidade real e efectiva de facelo por dispoñer dos medios técnicos adecuados a tal fin, de forma que o seu dereito de participación non sufra menoscabo algún.
- Quede debida constancia da identidade de todos aqueles asistentes que participen na Asemblea de forma telemática. Esa identidade poderá ser establecida polo coñecemento directo que da persoa socia en cuestión teña o secretario ou secretaria da entidade, ou por exhibición a través da webcam dun documento de identificación.



A fin de poder verificar o cumprimento do requisito relativo á dispoñibilidade de medios técnicos por parte de aqueles socios e socias que desexen participar na Asemblea de xeito telemático, na convocatoria se lles requirirá para que cando confirmen a súa asistencia/participación se pronuncien sobre este extremo.

No suposto de que as persoas socias manifestasen a súa non dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios e non resultase posible proceder a subsanar dita carencia o presidente ou presidenta acordará a celebración da Asemblea ben en modalidade presencial, ben en modalidade mixta, efectuando ao efecto unha nova comunicación se fose necesario.

Se por motivos técnicos quedase interrompida, temporal ou definitivamente, a comunicación por videoconferencia entre un número significativo de asistentes con dereito a voto e a entidade, a/o Presidenta/e propondrá á Asemblea a posibilidade de suspender a mesma, comunicando ás persoas asistentes a data e hora prevista para a súa continuación. A suspensión así acordada non afectará á validez dos acordos que, de conformidade coa Orde do Día proposto, se adoptaran con carácter previo á devandita interrupción.

Artigo 26

Acordos da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade máis un das persoas socias sinaladas no Artigo 10 por si ou por representante debidamente autorizado e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de membros asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberá transcorrer, polo menos, media hora.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos. Os acordos relativos á disposición ou alleamento de bens inmoables, modificación de estatutos e disolución de “AGL”, requirirán a celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable dos dous terzos dos votos asistentes.

De toda a Asemblea Xeral levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número das persoas asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta subscribirase pola/o Secretaria/o e a/o Presidenta/e.

As certificacións de tales actas, así como os testemuños dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa sinatura da/do Secretaria/o e o visto bo da/do Presidenta/e.



Artigo 27

Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación de “AGL”.

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta/e
- Vicepresidenta/e
- Secretaria/o
- Tesoureira/o
- Vogais, nun número nunca inferior a dous (2).

Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a seren indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación e xustificación documental dos mesmos.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, as persoas membro da Xunta Directiva poderán recibir unha retribución axeitada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como persoas membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola propia Xunta Directiva.

No caso de prestar servizos para a entidade persoas que teñan unha relación de parentesco por consanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao, coas persoas membro dos órganos de goberno, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de persoa socia. Así mesmo, deberán cumprir os requisitos esixidos para seren membros da Asemblea Xeral e en concreto non poderán incorrer na causa de incompatibilidade que para os mesmos se establecen nos parágrafos 2º e 3º do Artigo 23 dos presentes Estatutos.

Tódolos membros da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, a/o Presidenta/e poderá exercer un voto de calidade.



Artigo 28

Duración da Xunta Directiva

As persoas que compoñen a Xunta Directiva serán elixidas por un período de catro anos.

Poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Se se produce a metade máis un de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas no prazo máximo de corenta e cinco días.

Mentres o número de baixas non sexa inferior á metade máis un, os membros cesantes, serán substituídos na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, mentres tanto as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

Artigo 29

Elección da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto:

- Composición das candidaturas:
 - Estarán constituídas alo menos nun 75 por cento por persoas con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas, pais, nais ou representantes legais.
 - Deberán ir presididas necesariamente por unha persoa con linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas, pais, nais ou representante legal.
- As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta. No caso de presentarse máis dunha candidatura, será elixida a máis votada.
- As votacións serán secretas a non ser que, por unanimidade, as persoas asistentes soliciten voto a man alzada.



- Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

Artigo 30

Funcións da Xunta Directiva

Corresponde á Xunta Directiva:

1. Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
2. Executar a política da “AGL” e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
3. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e Contas Anuais.
4. Administrar o patrimonio da “AGL”.
5. Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser executados ou coordinados dende “AGL”.
6. Resolver sobre a admisión de novas persoas asociadas.
7. Acordar a suspensión temporal dos dereitos de persoa asociada.
8. Determinar a orde do día da Asemblea Xeral.
9. Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.
10. Propoñer á Asemblea Xeral o nomeamento de presidenta/e de honra e membros de honra, así como admitir ás socias e socios colaboradores.
11. Facultar, por medio de poderes, ás persoas que se estime axeitado para o cumprimento das finalidades propias da Asociación.
12. Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
13. Resolver, na arbitrase de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre as persoas asociadas da “AGL”. Esta actuación poderá ser efectuada por si ou por delegación, designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
14. Interpretar os presentes Estatutos.
15. Nomear persoas delegadas para algunha actividade determinada da Asociación.
16. Propoñer á Asemblea Xeral a creación de delegacións territoriais así como ás persoas responsables de cada unha delas.



17. Formular ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese da Asociación, e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
18. En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio da asociación, dos que deberá dar conta á Asemblea.

Artigo 31

Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse, cando menos, catro veces ó ano, preferentemente unha vez cada trimestre, ou cando o decida a/o súa/seu Presidenta/e por si ou a petición do vinte por cento dos seus compoñentes. Quedará constituída cando asista a metade mais un dos seus membros, e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto da/do Presidenta/e será de calidade.

O cargo de directivo osténtase a título persoal polo que, cando non sexa posible a asistencia, só poderá delegarse a representación noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita pola/o Presidenta/e da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, cunha antelación mínima de sete días, salvo caso de especial urxencia.

A composición da orde do día das sesións corresponderá á/ó Presidenta/e, a proposta da/do Secretaria/o, quen terá en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou a/o Presidenta/e, poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesoras/es.

En caso de ausencia ou enfermidade do presidente ou presidenta ou do secretario ou secretaria serán substituídos respectivamente polo Vicepresidente/a e o Vicesecretario/a e, na súa falta, serán suplidos provisionalmente por outra persoa membro da Xunta Directiva, previa designación por maioría dos seus membros ao comezo da mesma

O disposto no Artigo 25 dos presentes Estatutos respecto á posibilidade de celebración telemática e/ou mixta das asembleas será de aplicación, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Xunta Directiva



Artigo 32

Comisión Permanente

Poderá crearse unha Comisión Permanente, que terá a misión de exercer cotiamente e de maneira máis áxil o goberno de “AGL”. A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

Para ostentar a condición de membro de dereito da Comisión Permanente é necesario formar parte da Xunta Directiva. A perda da condición de membro da Xunta Directiva determinará automaticamente a perda de condición de membro da Comisión Permanente.

Artigo 33

Comisión de Ética

Poderase crear unha Comisión de Ética composta por persoas pertencentes ou non a “AGL”, designadas pola Xunta Directiva.

Terá como finalidade velar porque as actuacións, tanto de “AGL”, como as das persoas asociadas a título individual sexan éticas, non irregulares e lícitas. Esta comisión non terá carácter executivo.

Artigo 34

Dos órganos unipersoais

Os órganos unipersoais da Asociación serán:

- Presidenta/e
- Vicepresidentas/es
- Secretaria/o
- Tesoureira/o
- Vogais



Artigo 35 Presidenta/e

Son funcións da/do Presidenta/e:

1. Representar legalmente á “AGL” ante toda clase de organismos públicos ou privados.
2. Convocar, presidir e dirixir as sesións que celebre a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e a Comisión Permanente, e decidir co voto de calidade se hai empate.
3. Ordenar os pagamentos que haxan de realizarse con cargo aos fondos de “AGL”. Levar a sinatura social conxuntamente co Secretario/a, ou, nos casos nos que así proceda, con quen exerza o cargo de Tesoureiro/a.
4. A retirada dos fondos da “AGL” depositados en entidades bancarias, para o que precisará a sinatura da/do Secretaria/o, ou no seu caso, de quen exerza o cargo de Tesoureira/o.
5. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte precisa ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
6. Nomear a calquera persoa como Asesor/a e asignarlle as tarefas axeitadas. O nomeamento destes asesores deberá ser ratificado pola Xunta Directiva, debendo o Presidente/a informar á Xunta Directiva das recomendacións, informes ou resolucións que elaboren os cales non serán vinculantes en ningún caso.
7. Permitir ou non, a presenza de invitadas/os nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
8. Autorizar, coa súa sinatura, as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
9. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
10. Subscribir contratos en nome da “AGL”, outorgar poderes a terceiros, exercer accións e opor excepcións diante dos órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese ós fins da Asociación.
11. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios da “AGL”, xuntamente con quen exerza as funcións de Secretaria/o.
12. Calquera outro de interese para a execución dos presentes Estatutos.



Artigo 36

Vicepresidenta/e

A/o Vicepresidenta/e substituirá á/o Presidenta/e na ausencia desta/e, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as súas mesmas atribucións.

Así mesmo, poderá asumir todas aquelas funcións da/do Presidenta/e que esta/e lle delegue expresamente.

No caso de substitución definitiva, esta sería ós efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.

Artigo 37

Secretaria/o

As funcións da/do Secretaria/o son:

1. Custodiar os libros, documentos e selo da entidade, excepto os libros de contabilidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles ós Rexistros correspondentes.
2. Levar os libros da Asociación legalmente establecidos, o libro de rexistro de persoas asociadas e os ficheiros das persoas asociadas.
3. Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
4. Librar certificacións con referencia ós Libros e documentos da “AGL” co visto e prace da/do Presidenta/e.
5. Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura da/do Presidenta/e.
6. Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais; enviaranse as Actas e a Orde do Día con quince días de antelación como mínimo.
7. Responsabilizarse, xunto coa/co Presidenta/e, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios da “AGL”.
8. A organización dos servizos técnicos da “AGL”.
9. Impulso e control do funcionamento da “AGL”.



10.A representación xurídica ante todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial. As facultades máis amplas que en Dereito procedan para o exercicio de calquera tipo de acción, excepción o pretensión en calquera forma, en toda clase de procedementos administrativos, xudiciais ou extraxudiciais ante todo tipo de persoas, entidades, organismos públicos ou privados e calquera clase de Xulgados, Tribunais ou árbitros e, expresamente, para a iniciación, seguimento ou terminación dos procedementos antes indicados, así como, especialmente, para desistir, renunciar, allearse, transixir, someter a arbitraje e facer todo tipo de manifestacións que poidan comportar sobreseimento do proceso por satisfacción extraprocésal.

A tales efectos poderá nomear e apoderar ás/ós avogadas/os e procuradoras/es que teña por conveniente. Da utilización destas facultades dará conta á Xunta Directiva na primeira reunión que teñan.

Artigo 38

Tesoureira/o

As funcións da/do Tesoureira/o son:

1. Custodiar e levar libros de Contabilidade.
2. Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica da “AGL”.
3. Custodiar os fondos da “AGL”, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento da “AGL”. Para dispoñer dos fondos da “AGL”, necesitará da sinatura da/do Presidenta/e.
4. Farase cargo das cantidades que se ingresen na “AGL”, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
5. Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura da/do Presidenta/e.
6. Elaborará os presupostos anuais e fará previsións de futuro.
7. Cobrará as cotas das persoas asociadas.
8. Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periodicamente.
9. Presentar as contas anuais.
10. Dar cumprimento ás ordes de pago expedidas pola/o Presidenta/e.



Artigo 39

Vogais

As funcións das/dos vogais son:

1. As propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva.
2. As que xurdan das delegacións e comisións de traballo que a propia Xunta Directiva lles encomende.

CAPÍTULO IV

DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 40

Impugnacións

1. As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva de “AGL”, poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, salvo que a/o Presidenta/e estime a existencia de erros ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ó comezo da reunión.
2. Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados diante da mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo as/os ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvaran expresamente o seu voto.
3. Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.

Artigo 41

Recursos

1. Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días.



2. A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva substanciaranse diante dos tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a Lei determine.

CAPÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 42

Recursos económicos

Para atender ós seus fins, “AGL” contará cos recursos seguintes:

1. As cotas das persoas socias, periódicas ou extraordinarias.
 2. As subvencións, doazóns, donativos, legados ou herdanzas que puidera recibir de xeito legal por parte das persoas asociadas ou de terceiras persoas.
 3. Os bens propios, mobles e inmobles.
 4. O rendemento do seu patrimonio.
 5. Calquera outro recurso lícito que obteña para ser destinada ó cumprimento dos seus fins.
- O patrimonio inicial ou Fondo Social da Asociación é inexistente.

Artigo 43

Cotas

As cotas serán das seguintes clases:

- a. Ordinaria anual, que será satisfeita polas persoas asociadas de número (Artigo 10) na proporción que estableza a Xunta Directiva, e ratificada na Asemblea.

Establécense os seguintes tipos de cota ordinaria:

- Cota ordinaria individual
 - Cota ordinaria familiar aplicable aos casos nos que dúas ou mais persoas socias sexan membros da mesma unidade familiar
- b. Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requiran.



- c. Cota socio colaborador, que será satisfeita polas persoas socias colaboradoras (Artigo 11) na proporción que estableza a Xunta Directiva, e ratificada na Asemblea de conformidade co disposto no Artigo 24.1 letra e) dos presentes Estatutos.

Artigo 44

Pago de cotas

As cotas ordinarias deberán ser aboadas no prazo de 1 mes a partir da aprobación do orzamento anual correspondente e as extraordinarias así como as correspondentes ás persoas socias colaboradoras dentro do prazo fixado ao efecto.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para as persoas socias que, nos prazos previstos no parágrafo anterior e sen causa xustificada, non aboaran as cotas. Así mesmo, aquelas persoas socias que no momento da celebración da Asemblea Xeral non aboaran a cota correspondente ó ano anterior, perderán o seu dereito a voto na mesma. A persistencia na falla de pago das cotas poderá ser causa de expulsión.

Nembargantes, o establecido no parágrafo anterior, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias concorrentes así o aconsellen, comunicándose tal decisión á inmediata Asemblea Xeral que se celebre.

Artigo 45

Orzamento

“AGL” funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador do orzamento será elaborado pola/o Tesoureira/o, que deberá telo preparado antes do 1 de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

O exercicio asociativo e económico será anual, e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

Anualmente, con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria que será posta a disposición das/dos socias/os, que deberán aprobala ou censurala.



CAPÍTULO VI DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 46 Procedemento de modificación

Os Estatutos de “AGL” só poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter Extraordinario, por decisión da Xunta directiva ou a proposta da maioría das persoas asociadas, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva.

O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría de dous terzos das persoas asociadas presentes e representadas/os.

CAPÍTULO VII DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 47 Disolución

“AGL” poderá disolverse por unha das seguintes causas:

- a) Voluntariamente, cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto, por unha maioría de dous terzos das persoas asociadas.
- b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.

Artigo 48 Comisión liquidadora

Acordada a disolución de “AGL” pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio de “AGL”.

A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou máis comisarios elixidos pola mesma entre as persoas asociadas.



Artigo 49

Asemblea Xeral no período de liquidación

Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ó acordo de disolución.

Artigo 50

Destino dos bens resultantes

No caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora que, unha vez extinguidas as débedas e de existir sobrante líquido, destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa, concretamente a unha entidade benéfica ou a outra Asociación similar á constituída.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o que non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.



Diligencia:

Juan Manuel Lameiro Barreiro, titular da Presidencia, e Gumersinda Bonome Varela, titular da Secretaría da Asociación galega de linfedema, lipedema, insuficiencia venosa crónica e outras patoloxías vasculares periféricas (AGL), fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 26 de febreiro de 2022, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Vilagarcía de Arousa, a 21 de marzo de 2022”

D. Juan Manuel Lameiro Barreiro
Presidente de AGL

Dna. Gumersinda Bonome Varela
Secretaria de AGL

(Sinatura das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría)

